

Na sala dos espellos

LIV STRÖMQUIST

Tradución de David Á. Álvarez Martínez

Título orixinal: *Inne i spegelsalen*

© Liv Strömquist, 2021

All Rights Reserved

Translation made in arrangement with Am-Book Inc. (www.am-book.com)

© da edición galega: Catro Ventos Editora, S. Coop. Galega, 2024

© da tradución: David Á. Álvarez Martínez

Revisión: Patricia Buxán Outeiro

Deseño e maquetación: Alicia Rodríguez Malga e Isidro Dozo Valladares

Catro Ventos Editora, S. Coop. Galega

Rúa Ferrería, 25 – 36202 Vigo (Pontevedra)

www.catroventos.gal

ISBN: 978-84-127425-2-7

Depósito legal: VG 86-204

Impreso en Jafel Artes Gráficas

Esta obra recibiu unha axuda á tradución e á produción do Swedish Arts Council/Kulturrådet. Grazas!

KULTURRÅDET

Fieis ao principio de sustentabilidade ambiental que, entre outros, rexe as actividades de Catro Ventos, traballamos para que a pegada ecolóxica dos nosos libros sexa a mínima posible. Por iso, nese avance cara á ecoedición, baseado na investigación de procesos e na cooperación coas nosas provedoras, este libro que tes nas mans é moi especial, como che explicamos a seguir.

— O papel ten certificación FSC e está libre de ácidos, metais pesados e cloro (este último é un elemento químico altamente tóxico que adoita empregarse para o branquexamento da pasta de papel).

— Non hai metais pesados (o máis común nas tintas convencionais é o cobalto) nin aceites minerais nas tintas empregadas na impresión. Estas son de base vexetal, polo que están libres de compostos orgánicos volátiles.

— A cuberta non está laminada, é dicir, non leva recubrimento plástico ningún.

— Consequimos reducir ao máximo as emisións contaminantes ligadas ao transporte imprimindo a só 3 km da nosa sede.

Se queres máis información sobre como traballamos para reducir o noso impacto na contorna, visita a nosa web: catroventos.gal/ecoedicion

FSC

SEN
ácidos

SEN
cloro

SEN
metais
pesados

SEN
aceites
minerais

SEN
plásticos

AQUELADO
en Galicia

Na sala dos espellos
LIV STRÖMQUIST

*Tradución de
David A. Álvarez Martínez*



catroventos
EDITORA

UNHA
MOZA
ANTE O
ESPELLO

Había unha vez cinco irmás.



Eran as irmás máis fermosas de todo o mundo.



Tal e como é habitual en todas as historias normais e razoables, era a máis nova a máis fermosa de todas.



E chamáballe



Como lle oín dicir a unha rapaza nun podcast: non me interesa nada kylie, e aínda así non son quen de deixar de mirar para ela a todas as horas de maneira hipnótica.





kyliejenner ✨ ...



👤 Gústalle a kourtneykardash e a 6247983 persoas máis

kyliejenner New nails ♥♥♥♥♥
onyxnorrisofficial LBLBLBLB
frostgodd Talvez non prestastes atención, pero escoitade a miña música se podedes, bicos ♥

rebecathays Sempre soñei con facer unha festa moi grande e terte de convidada. Sería o meu maior logro.

fudfub Boa tarde. 🌞 Chámome Andrey. 😊 Teño unha conta aberta onde publico mozas bonitas. 📸 Gustaríame pedirche 🍷 que entrases e as calificases. Grazas pola atención.

kyliejenner ✨ ...



👤 Gústalle a iamcardib e a 10590876 persoas máis

kylrcjenner ♥♥♥ 🌊
tiffanysorya Ahoy
rosedeters Por que non tentas pasar polo menos a metade do tempo que gastas facendo selfies mostrando xente en apuros! Deberías ter a humildade por «UNHA VEZ» de axudar a xente que o precisa!!! Non se che deu esta vida para malgastala en ti mesma! Que fixeches polos demais que poidas presentarlle a Deus no Día do Xuízo Final? Debe ser unha vida moi solitaria a túa

kyliejenner ✨ ...



👤 Gústalle a parishilton e a 765037 persoas máis

kyliejenner special kind of energy
ksterzing Wow wunderschön verin nice
nataliehalcro para comela
cannab_ells Estou feliz. Non podo crer que gañase 3500 dólares investindo tan só 500 en bitcoins con @ludovic_bitcoin. Recómendoo a todo o mundo

Hai uns anos espallouse un desafío en internet segundo o cal unha morea de fans tentaban inflar os beizos coma os de kylie.

O reto, chamado #kyliejennerchallenge, consistía en coller un vaso pequeno de chopo ou unha botella e aspirar o ar para que os beizos inchasen, cousa que levou a que moitas persoas sufrisen lesións, dores ou negróns.*

* «Seventeen», 20 de abril de 2015

Nunha ocasión, Kylie escribiu en Twitter:*




Kylie Jenner

@KylieJenner

+ Seguir

Non estou aquí para animar a xente/as mozas novas a asemellarse a min ou pensar que este é o aspecto que deberían ter.



*21 de abril de 2015

MAIS, a pesar diso e de que Kylie escribise que **NON QUERÍA** animar a xente/as mozas novas a asemellarse a ela, **A XENTE/AS MOZAS NOVAS SI QUEREN ASEMELLARSE A ELA**

Por que.?!?!?!?

Por que é que a observación destas imaxes supón a miúdo a sensación que se representa na pintura «Girl at Mirror» de Norman Rockwell, do ano 1954, é dicir, a sensación de melancolía e inguedanza de que eu non teño ese aspecto?



Poderíamos berrar tal e como fai Camille Paglia cando escribe sobre mulleres que se deprimen ao ver outra muller fermosa:





Entón, por que a xente/as mozas novas que observan unha foto da cintura de avespa de Kylie Jenner, dos seus pómulos esculpados en marfil ou do seu traseiro divino **NON** se senten no seu interior do mesmo xeito que se senten ao observaren, poñamos por caso, un solpor radiante, unha praia increíble ou a imaxe dun papagaiño espléndido... é dicir, **TAN SÓ UN ARREBATO POSITIVO FRONTE Á BELEZA DA CREACIÓN?**

E no seu lugar, de maneira **PARALELA** a ese arrouto positivo fronte á beleza da creación, perciben ademais sensacións negativas e indeterminadas; algo que esgaza o peito. De que se trata? Complexo de inferioridade, sensación de derrota? Un anhelo que se inflama poderosamente e que se sabe que non se poderá acalmar? Desexos vagos de se poñer a facer deporte, de se operar, de mercar algo, produtos de coidado da pel, unhas botas altas até as coxas... sensacións difusas de frustración e talvez incluso de ira?

POIS TALVEZ ATOPEMOS UNHA EXPLICACIÓN NA TEORÍA DO DESEXO MIMÉTICO DO FILÓSOFO FRANCÉS RENÉ GIRARD.

Girard opina que ademais do desexo físico, como por exemplo, a fame, o **SER HUMANO DESEXA O QUE OUTROS DESEXAN.**



Un exemplo claro é o caso da moda. Se alguén comeza de súpeto a levar pantalóns algo curtos, quizais pensen a maioría ao principio:



Pero en pouco tempo é habitual que esa ansia se contaxie e se copie entre a xente, que de súpeto pensa que eses pantalóns algo curtos son estupendos e queren tamén telos e vestilos, así que comezan a **SUFRIR** se non teñen medios económicos para conseguir uns pantalóns así.



É o mesmo mecanismo que opera, por exemplo, no caso dunha burbulla financeira:



Dez minutos máis tarde...



Mais POR QUE desexamos o mesmo ca os demais? René Girard pensa que se debe a que o ser humano non SABE o que el mesmo desexa.



Resulta bastante DIFÍCIL saber o que un mesmo quere.



Por iso, a xente escolle un modelo, o que Girard chama «mediador (médiateur) do desexo». Eses mediadores poden ser unha persoa inalcanzable, como alguén famoso, ou unha persoa ao alcance no mundo real, como unha amizade.



A xente copia entón o desexo do mediador.



O individuo, desta maneira, non precisa saber **TODO O TEMPO** o que precisa el mesmo, o cal é FANTÁSTICO.



Para que alguén queira algo, só hai que convencelo de que esa cousa xa a cobiza unha terceira persoa que posúe algún tipo de status.

O prestixio do mediador trasládase así ao obxecto cobizado e outórgalle un valor ilusorio.

Esa reacción ocorre dun xeito completamente inconsciente, xa que a nosa cultura considera a autenticidade un ideal poderoso.

DEIME conta de que quería un coma este!

Este sombreiro di MOITO de min!

Cando vou de paseo polo centro e o levo posto, a xente decátase **INMEDIATAMENTE** de que son eu!

SEMPRE me gustaron así!

É xusto o que son «eu»!



Girard escribe:

Collemos o noso desexo prestado «dos Outros»,

nunha reacción tan básica e primitiva

que o confundimos completamente co **DESEYO DE SER NÓS MESMOS.**



Girard opina que nos tempos en que vivimos aínda é

MÁIS DIFÍCIL CA ANTES ENTENDER O QUE DESEXAMOS

Liberámonos de moitas restricións impostas pola relixión e as tradicións e, en moitos sentidos, temos unha liberdade ilimitada.

ANTES

Sé un bo cristián e fai así as cousas.

Tes que facelo así porque o dixo o teu pai.

Faino así porque sempre o fixemos así.

AGORA

Nada, fai XUSTO o que ti queiras!

O principal é que TI sexas feliz e vivas a «mellor vida» posible.

PERO QUE QUERO EU EN REALIDADE?

Esta situación provoca, segundo Girard, que confiemos

AÍNDA MÁIS NOS MODELOS

para axudarnos a dirixir o noso desexo cara a cousas diferentes.

Polo tanto: vivimos nun tempo onde o desexo mimético está

MOI INTENSIFICADO, COMPLETAMENTE LIBERADO, E É ILIMITADO

como consecuencia da disolución de todas as prohibicións.

Na sala dos espellos

A que responden as escenificacións de Kylie Jenner, a menor das Kardashian, ante ese espello que é o teléfono móbil? Por que milleiros de persoas viven pendentes do seu Instagram? Que pasou neses tres días en que Marilyn Monroe foi fotografada constantemente no hotel Bel Air? Por que a emperatriz austríaca Sissi tiña unha sala dos espellos? Que lle di o espelliño á madrastra de Brancaneves? E por que non é realmente a madrastra senón a súa nai?

Mordaz e intelixente, Strömquist reflexiona nesta banda deseñada sobre até que punto a ditadura da imaxe e do espello (en todas as súas formas) minou o modo como nos relacionamos co noso corpo e, en especial, cos corpos das mulleres. Igual ca n'*A froita do coñecemento*, Strömquist ofrécenos *Na sala dos espellos* unha maridaxe perfecta de referentes históricos e da cultura pop co apoio teórico de grandes figuras do pensamento como Susan Sontag ou Byung Chul-Han.




catroventos
EDITORA

www.catroventos.gal



DEREIT OS
HUMANOS


SEN
PLÁSTICOS
Desde 2021

PVP: 22,00 €

ISBN 978-84-127425-2-7



9 788412 742527

